

MÁSTER UNIVERSITARIO EN FILOSOFÍA. CONOCIMIENTO
Y CIUDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

NACIÓN, NACIONALISMOS E MOVEMENTOS
ÉTNICOS NA ERA DA GLOBALIZACIÓN

PROF. RAMÓN MÁIZ

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRIPCIÓN

A materia ten o código P5251220 . É unha optativa do Máster Oficial en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, impartida durante o segundo semestre. É de 3 créditos ECTS (desglosados segundo Plan Docente Anual en: 21 h. de clases; expositivas, 9 h.; clases interactivas, 12 h.; 3 h. de tutorías de grupo; 52 h. de traballo persoal da/do estudante, incluídas lecturas, estudo e realización de tarefas) dependente do Dpto. de Ciencia Política e Socioloxía.

PRERREQUISITOS

Non require necesariamente dispor de formación previa.

IMPARTICIÓN

A materia a impartirán os profesores **Ramón Máiz, José Manuel Rivera e Diego Mo.** A información relevante da materia, así como os avisos e cualificacións, será subida á páxina desta no Campus Virtual da USC.

O horario da materia será o fixado na páxina web da Facultade de Filosofía.

TUTORÍAS

Horario de tutorías a determinar ao comezo do curso que, en todo caso, estará dispoñíbel no Campus Virtual. Serán 6 horas semanais, realizadas de maneira presencial, no despacho do profesor Máiz na Facultade de CC Políticas.

Organizaranse tutorías de grupo en función das necesidades para aclarar aspectos relacionados coa materia

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

BLOCO FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA

É unha das dúas materias optativas ofertadas no Máster oficial en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía. É impartida pola Área de Ciencia Política e da Administración.

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOCO

Fornecer coñecementos sobre as achegas actuais das investigacións sobre identidades colectivas, nacionalismos e movementos étnicos.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

COMPETENCIAS BÁSICAS E XERAIS

5.5.1.5.1 BÁSICAS E XENERAIS

CG2 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.

CG1 - Que os estudantes adquiran capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a achegas investigadoras en ciencias sociais e teoría política.

CG3 - Que os estudantes sexan capaces de transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións creativas.

CG4 - Que os estudantes estean capacitados para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na procura de solucións.

CG5 - Que os estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de ser abordados e resoltos.

CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación

CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo

CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos

CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades

CB10 - Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

COMPETENCIAS DE TIPO ESPECÍFICO

CE1 - Coñecer e comprender os principais conceptos e argumentos explicativos e normativos dos estudos contemporáneos sobre nacionalismos e movementos étnicos (indixenistas).

CE2 - Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.

CE3 - Adquirir habilidades para a transmisión e ensino de contidos filosóficos e científico-sociais relacionados cos ámbitos de referencia: multinacionalismo, secesión, Federalismo, autonomía indíxena etc.

CE4 - Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.

CE5 - Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar lxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios precisos e sistemáticos.

CE6 - Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

CT1 - Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación.

CT2 - Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.

CT3 - Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas

CT4 - Promover o respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero.

4. CONTIDOS

1.- MODELOS PRIMORDIALISTAS DE EXPLICACIÓN DOS NACIONALISMOS E MOVEMENTOS ÉTNICOS

2.- MODELOS CONSTRUCTIVISTAS E RELACIONAIS

3.- OBSTÁCULOS EPISTEMOLÓXICOS MÁIS FRECUENTES: A) NACIONALISMO ÉTNICO/CÍVICO E B) CONCEPTO PREPOLÍTICO DE ETNIA E NACIÓN.

4.- FACTORES FUNDAMENTAIS DE NATION BUILDING:

1- PRECONDICIÓN ÉTNICAS E ECONÓMICAS;

2 - ESTRUCTURA DE OPORTUNIDADE POLÍTICA;

3 - MOBILIZACIÓN POLÍTICA, ORGANIZACIÓN E REPERTORIOS DE ACCIÓN,

4- DISCURSO E EMOCIONS

5.- NACIONAL POPULISMO E NACIONALISMO TRADICIONALISTA

6.- ACOMODACIÓN E REGULACIÓN DA MULTINACIONALIDADE E A MULTIETNICIDADE. AUTODETERMINACIÓN, CONFEDERACIÓN E FEDERALISMO PLURINACIONAL

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

TRABALLO PRESENCIAL NAS AULAS :

É Participación activa para avaliación continua

TRABALLO AUTÓNOMO DA/O ALUMNA/O

É Resulta obrigatoria a presentación dun traballo individual final de 20-25 páxinas sobre materias do curso, para o que se proporcionarán titorías e bibliografía específica.

6. AVALIACIÓN

DIMENSIONES DA AVALIACIÓN

Escenario 1 Avaliación continua: por traballo continuado no seguimento da materia; incluídos controis de coñecemento, asistencia e participación activa e informada en actividades presenciais 60%

Traballo final obligatorio.40%

ESTUDANTES CON DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE

Todos os materiais estarán dispoñibles na aula virtual

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O tempo de traballo estimado para esta materia en correspondencia cos 3 créditos que ten é de 75 horas

- Horas presenciais semanais: 3 horas (9 horas de docencia expositiva e 12 horas docencia interactiva) no segundo bimestre do curso. Aproximadamente, 24 horas no conxunto do semestre. Incluindo 3 horas de tutorías.
- Horas non presenciais semanais, recomendadas para o traballo con textos: 1,5 horas. Aproximadamente, 21 horas no semestre.
- Horas de estudo semanais (para alén das non presenciais): 2 horas semanais. Aproximadamente, 30 horas no semestre.

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar o estudantado para superala: 75 horas

7. BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA

ARTIGOS ESPECÍFICOS PARA CADA TEMA SUBIDOS Á AULA VIRTUAL

Obra fundamental para o seguimento do curso.

MÁIZ, R. FEDERALISMO E NACIONALISMO MADRID: S. XXI

HROCH, M. EUROPEAN NATIONS. EXPLAINING THEIR FORMATION LONDON: VERSO

BRUBAKER, R. REFRAMING NATIONALISM NEW YORK: CUP

LAITIN, D. NATIONS STATES AND VIOLENCE NEW YORK: OXFORD U. PRESS

HALE, H. THE FOUNDATIONS OF ETHNIC POLITICS NEW YORK: CUP

CHANDRA, K. CONSTRUCTIVIST THEORIES OF ETHNIC POLITICS NEW YORK:
OXFORD U. PRESS

THOM, M. REPUBLICS, NATIONS AND TRIBES LONDON: VERSO

SMITH, A. D. NACIOANLISMO Y MODERNIDAD MADRID: AKAL

KYMLICKA, W. MULTICULTURAL CITIZENSHIP OXFOR: OXFOR U. PRESS

MÁIZ, R. NACIÓN Y LITERATURA EN AMÉRICA LATINA BUENOS AIRES : PROMETEO

8. OBSERVACIÓNS

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa da USC vixente neste curso.